



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA SAN CLEMENTE
r/ San Clemente s/n 15705 Santiago de Compostela Teléfonos
881867501-881867502 Fax 881867538
e-mail: ies.sanclemente@edu.xunta.es www.ies.sanclemente.net



IES SAN CLEMENTE

**DEPARTAMENTO DE
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA**

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO ACADÉMICO 2024/25

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN, CONTEXTUALIZACIÓN E MARCO LEGISLATIVO..6

Localización e historia do IES San Clemente 6

Marco legislativo 7

ÁMBITO DE COMUNICACIÓN MÓDULO I ESAD 8

Introdución e contextualización 8

 Contexto educativo..... 8

 Marco legislativo..... 8

Contribución ao desenvolvemento das competencias clave 9

Relación de estándares de aprendizaxe avaliados da materia que forman parte dos perfís
competenciais..... 10

 Estudo coordinado das linguas oficiais 10

 Lingua estranxeira: inglés 16

Obxectivos para o curso..... 20

Concreción da temporalización, do grao mínimo de consecución para superar a materia e dos
procedementos e instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe avaliada 22

 Estudo coordinado das linguas oficiais 23

Concrecións metodolóxicas 35

Materiais e recursos didácticos 37

Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado 37

 Instrumentos de avaliación..... 37

 Criterios de avaliación..... 37

Estudo coordinado das linguas oficiais 38

 Bloque 1: Comunicación oral: escoitar e falar 38

 Bloque 2: Comunicación escrita. Ler e escribir 38

 Bloque 3: Funcionamento da lingua..... 39

 Bloque 4: Lingua e sociedade 40

 Bloque 5: Educación literaria..... 40

Lingua estranxeira: inglés 41

 Bloque 1: Comprensión oral 41

 Bloque 2: Expresión oral..... 42

 Bloque 3: Comprensión escrita 43

 Bloque 4: Expresión escrita 44

Criterios de cualificación e promoción do alumnado 45

Lecturas obrigatorias..... 47

Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente..... 47


Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes..... 48

Avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	48
Medidas de atención á diversidade	49
Concreción dos elementos transversais.....	49
Actividades complementarias e extraescolares.....	50
Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....	50
Incorporación das modificacións propostas na memoria do curso anterior	50

INTRODUCCIÓN, CONTEXTUALIZACIÓN E MARCO LEXISLATIVO

Localización e historia do IES San Clemente

O Instituto de Educación Secundaria San Clemente está situado no centro histórico da cidade de Santiago de Compostela. A localización estratéxica da urbe facilita o acceso desde diferentes puntos da Comunidade Autónoma de Galicia. A distancia desde A Coruña é de 67 quilómetros, 58 desde Pontevedra, 95 desde Ferrol, 107 desde Lugo, 110 desde Ourense e 92 desde Vigo, o cal contribúe a un frecuente contacto do alumnado co centro, a pesar do réxime semipresencial e a distancia dalgunhas das ensinanzas ofertadas.



ES San Clemente

www.iessanclemente.net/o-centro/localizacion/

Tal e como se recolle no sitio web do centro, a historia do IES San Clemente remóntase ao ano 1948, cando unha viúva compostelá doa uns terreos situados no campo de San Clemente á Igrexa, coa finalidade de que neles se constrúe un centro para acoller os nenos pobres da cidade e proporcionarlles uns coñecementos profesionais que lles permitisen no futuro desempeñar un oficio. A doazón realizouse por motivos píos e a Igrexa tutelou o desenvolvemento das obras de edificación. Aínda que o edificio puido estar rematado antes, as súas actividades docentes non comezaron ata o ano 1953.

O centro sempre estivo vinculado a ensinanzas profesionais: foi escola de traballo, escola de artes, escola de mestría industrial e centro de formación profesional; na última década do século XX, coa reforma educativa formulada na LOXSE, pasou a denominarse IES e, xa no século XXI, introducíronse as ensinanzas non estritamente profesionais: educación secundaria de adultos e bacharelato na modalidade a distancia.

O edificio forma parte, estrutural e arquitectonicamente, do conxunto histórico da cidade. Está distribuído en tres plantas e un soto; conta con seis aulas de informática, cinco aulas para ESA e Bacharelato de adultos, unha sala de usos múltiples (vídeo, conferencias, etc.), un laboratorio, unha biblioteca e outras dependencias dedicadas a administración e servizos.

O centro sempre foi de titularidade pública e así continúa. Depende, polo tanto, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia.

Marco legislativo

A situación legislativa actual ten como marco básico no ámbito estatal a **Lei Orgánica 8/2013**, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, que modifica a **Lei Orgánica 2/2006**, do 3 de maio, de educación; e no ámbito autonómico, a **Lei 9/1992**, do 24 de xullo, de educación e promoción de adultos, e o **Decreto 88/1999**, do 11 de marzo, polo que se regula a ordenación xeral das ensinanzas de persoas adultas e os requisitos mínimos dos centros.

O desenvolvemento normativo do currículo recóllese a nivel estatal no **Real decreto 1105/2014**, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, e a nivel autonómico no **Decreto 86/2015**, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A esta normativa básica, engádesse outra que a complementa: a **Orde ECD/65/2015**, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato; a **Orde do 26 de abril de 2007** pola que se ordenan e organizan as ensinanzas de bacharelato para adultos a distancia na Comunidade Autónoma de Galicia; a **Orde do 20 de marzo de 2018** pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia; a **Circular 4/2020** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións sobre a organización e o funcionamento dos centros EPA e dos institutos de educación secundaria que impartan ensinanzas básicas de educación para persoas adultas polas modalidades presencial e a distancia no curso 2020/21, e a **Circular 5/2020** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a organización e posta en funcionamento das ensinanzas de bacharelato para as persoas adultas, nas modalidades presencial e a distancia, nos IES e centros EPA autorizados para impartilas no curso 2024/25.

ÁMBITO DE COMUNICACIÓN

MÓDULO I ESAD

Introdución e contextualización

A presente programación é unha proposta didáctica para a materia de Ámbito de Comunicación do primeiro curso de Educación Secundaria de Adultos a Distancia (ESAD), tendo en conta as especiais características tanto da educación das persoas adultas como da modalidade a distancia.

Contexto educativo

Estas dúas circunstancias —ensino de adultos e modalidade a distancia— veñen determinar grandemente o proceso de ensino e aprendizaxe deseñado para esta materia. Se a educación das persoas adultas ten a consideración de ensinanza de segunda oportunidade conducente a título, a modalidade a distancia esixe do alumnado o rápido desenvolvemento da competencia San Clemente (<https://distancia.iessanclemente.net/>) co obxectivo de que se vaian traballando os contidos propostos segundo a temporalización establecida.

As vantaxes deste tipo de ensino non presencial (que supera os límites espaciais e temporais que constrinxen ás ensinanzas da modalidade presencial ordinaria) complementáanse coas titorías multimedia, as cales pretenden servir de apoio constante ao alumnado ao longo de todo o curso, de xeito que, axudado polo profesorado tutor, poida acadar unha avaliación positiva.

A plataforma virtual será a mesma que o pasado curso académico, polo que este entorno non debería supoñer ningunha dificultade na planificación da materia. O alumnado de nova incorporación atopará un espazo intuitivo e especialmente visual, mentres que aqueles e aquelas discentes que se reincorporen este curso xa estarán familiarizados co seu funcionamento.

Marco lexislativo

O currículo está recollido a nivel estatal no **Real decreto 1105/2014**, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato e a nivel autonómico na nosa Comunidade no **Decreto 86/2015**, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. De xeito específico, o desenvolvemento curricular propio da nosa

materia guíase por unha orde propia, a **Orde do 20 de marzo de 2018** pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia.

A esta normativa básica de obrigado cumprimento engádese outra que a complementa: a **Orde ECD/65/2015**, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, e a **Circular 4/2020**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións sobre a organización e o funcionamento dos centros EPA e dos institutos de educación secundaria que impartan ensinanzas básicas de educación para persoas adultas polas modalidades presencial e a distancia no curso 2024/25.

Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

As competencias clave serven de marco de referencia para unha aprendizaxe activa e significativa ao longo de toda a vida das e dos discentes. Segundo a Orde que establece o currículo, procederase a concretar a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia, conformando os seus perfís competenciais, xa que a presente programación didáctica pretende contribuír ao desenvolvemento de todas e cada unha das competencias clave indicadas no currículo. Nesa liña entendemos o «saber facer» definido no modelo competencial establecido pola Unión Europea, que inclúe:

- Comunicación lingüística. (CCL)
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CMCCT)
- Competencia dixital. (CD)
- Aprender a aprender.(CAA)
- Competencias sociais e cívicas. (CSC)
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE)
- Conciencia e expresións culturais. (CCEC)

Estas competencias relaciónanse cos estándares de aprendizaxe avaliábeis e, a partir destes, cos obxectivos xerais de etapa, os contidos, os criterios de avaliación, e o grao mínimo de consecución recollidos na táboa correspondente do apartado dedicado ás concrecións para os estándares de aprendizaxe avaliábeis nesta programación, á temporalización, ao grao mínimo de consecución para superar a materia e aos procedementos e instrumentos de avaliación.

En calquera caso, cómpre destacar que a nosa materia, debido ás súas características e á meta última de desenvolver unha competencia en comunicación lingüística, ten esta competencia como prioritaria. Nesa liña, tendo en conta a organización en ámbito da materia, que abrangue de xeito integrado e global o estudo das dúas linguas oficiais e dunha lingua estranxeira, se traballará a vertente instrumental e funcional da lingua. Así, privilexiaremos o uso correcto da lingua e a comprensión de textos de carácter diverso.

Paralelamente, ese ámbito da construción de coñecementos, así como o desenvolvemento das capacidades para seleccionar e procesar a información requirida para o traballo na aula virtual, axudarán a desenvolver a competencia de aprender a aprender. Tamén se inclúe este aspecto como desenvolvemento dunha competencia metalingüística e metacognitiva, incidindo na necesaria capacidade para aprender a aprender unha lingua.

Todo o anterior contribúe tamén á competencia relacionada co sentido de iniciativa e espírito emprendedor, aprendendo a resolver problemas e a trazar novos plans de estudo, con decisións importantes e transferibles a outros ámbitos.

Por outra banda, dadas as especiais características do noso centro, a competencia relativa ao tratamento da información é a competencia dixital, así como as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, ao ter que empregar a aula virtual como ferramenta imprescindible no marco dun ensino a distancia e ser capaces de procesar toda a información presente nela empregando medios e formatos diversos, trabállanse acotío.

Asemade, as competencias sociais e cívicas trataranse mediante esa plataforma no uso de recursos diversos e con contidos transversais en textos e outros materiais que garantan o desenvolvemento desa necesaria competencia.

Nos mesmos textos e demais materiais asociados a eles, como os múltiples temas musicais ou as pezas teatrais vinculadas á expresión literaria, a competencia relativa á conciencia e expresións culturais resulta imprescindible, como se verá ao longo da nosa programación.

Relación de estándares de aprendizaxe avaliados da materia que forman parte dos perfís competenciais.

Recóllense a continuación os estándares de aprendizaxe avaliados da materia que forman parte dos perfís competenciais segundo o bloque ao que pertencen, para así dar cumprida conta da contribución ao desenvolvemento das competencias claves que vai aportar o primeiro módulo do ámbito de comunicación da ESAD.

Estudo coordinado das linguas oficiais

Bloque 1: Comunicación oral: escoitar e falar

B1.1.1. Comprende e interpreta a intención comunicativa dos textos orais dos medios de comunicación.

B1.1.2. Comprende e interpreta a intención comunicativa dos textos orais da vida cotiá.

B1.1.3. Extrae a intención comunicativa dos textos orais e escritos do ámbito académico, seguindo as instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe, con progresiva autonomía.

B1.2.1. Identifica e extrae as informacións adecuadas ao obxectivo da escoita.

B1.3.1. Identifica e selecciona as ideas principais e secundarias dun texto.

B1.4.1. Expón con claridade e orde temas relacionados coa actividade académica ou con noticias.

B1.4.2. Utiliza no proceso diversos medios de rexistro de información (táboas, gráficos, esquemas ...)

B1.5.1. Busca e selecciona información relevante procedente de distintas fontes: audiovisuais e dixitais.

B1.6.1. Valora e, de forma progresiva, desenvolve unha articulación clara, unha pronunciación adecuada e un uso adecuado das regras morfosintácticas.

B1.7.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, reconece os erros de produción oral propia e allea e propón solucións para melloralas.

B1.7.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega.

B1.8.1. Participa activamente en diálogos, debates e traballos cooperativos.

B1.8.2. Fai preguntas e comentarios pertinentes ante as intervencións dos demais.

B1.8.3. Respecta a quenda de palabra e usa as formas de cortesía.

B1.8.4. Respecta os argumentos dos demais, contrasta esa información e toma decisións.

B1.9.1. Reconece a intencionalidade do/-a emisor/-a a partir dos elementos contextuais.

B1.10.1. Identifica expresións habituais que evidencian calquera tipo de discriminación.

B1.10.2. Evita o uso de calquera expresión discriminatoria.

B1.11.1. Usa a lingua galega nos diferentes ámbitos de comunicación.

B1.11.2. Participa en actividades de transmisión e creación da cultura galega.

B1.11.3. Ten unha actitude positiva ante o uso da lingua galega en calquera situación.

B1.12.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais.

B1.12.2. Respecta os aspectos prosódicos da linguaxe non verbal, manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con confianza e seguridade.

B1.12.3. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da situación comunicativa.

B1.12.4. Incorpora progresivamente palabras do nivel formal ás súas producións orais.

B1.12.5. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos.

B1.12.6. Recoñece e avalía erros (progresión na argumentación, pobreza léxica e castelanismos).

B1.13.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas.

B1.13.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.

B1.12.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa.

Bloque 2: Comunicación escrita. Ler e escribir

B2.1.1. Comprende, interpreta e sintetiza o contido de textos propios da vida cotiá: mensaxes electrónicas ou de móbil, de correo electrónico, normas e instrucións de uso.

B2.1.2. Comprende e interpreta textos dos medios de

comunicación. B2.2.1. Comprende e interpreta textos narrativos.

B2.2.2. Identifica, coñece e usa os trazos da linguaxe narrativa.

B2.3.1. Comprende e interpreta textos xornalísticos (a noticia).

B2.3.2. Identifica, coñece e usa os trazos da linguaxe xornalística.

B2.4.1. Comprende, interpreta anuncios publicitarios.

B2.4.2. Identifica, coñece e usa os trazos da linguaxe publicitaria.

B2.5.1. Identifica a estrutura comunicativa das mensaxes escritas.

B2.6.1. Analiza o contido de textos escritos, segundo as pautas indicadas. B2.6.2. Fai esquemas coas ideas principais e secundarias.

B2.6.3. Sintetiza o contido de textos escritos.

B2.6.4. Integra no resumo as ideas ou informacións do texto co apoio dun esquema previo.

B2.7.1. Utiliza estratexias para a discriminación das ideas principais e secundarias do texto.

B2.8.1. Crea textos escritos, en formato papel ou dixital, utilizando as seguintes estratexias: busca e desenvolve ideas, organizaas e fai un esbozo.

B2.8.2. Utiliza esquemas ou outros recursos similares para ordenar as ideas e estruturar o contido do texto.

B2.8.3. Adecúa o texto ao rexistro coloquial ou formal segundo requira a situación comunicativa.

B2.8.4. Utiliza elementos lingüísticos e discursivos esenciais para a cohesión das ideas: conectores textuais básicos, e concordancias dentro do sintagma nominal e do sintagma verbal.

B2.8.5. Puntúa o texto en relación coa organización oracional e a forma do texto (os párrafos e a distribución e organización das ideas expresadas).

B2.8.6. Crea textos escritos, en formato papel ou dixital, utilizando as seguintes estratexias: corríxeo (conforme ás normas ortográficas, morfosintácticas e tipográficas), reelabora o texto e prepara a redacción definitiva.

B2.9.1. Busca palabras en dicionarios (sinónimos, antónimos, fraseoloxía...) en papel ou dixitais.

B2.10.1. Utiliza, con progresiva autonomía, o OPAC das bibliotecas.

B2.10.2. Busca información para ampliar e completar o contido da súa investigación a través de distintos recursos: revistas, artigos, enciclopedias e motores de busca especializados de internet.

B2.11.1. Produce textos sinxelos propios da vida cotiá e das relacións sociais (notas, cartas, avisos, mensaxes) en formato papel ou dixital.

B2.12.1. Produce textos, en formato papel ou dixital, propios da vida académica.

B2.13.1. Produce textos xornalísticos (noticias), a partir dun modelo, en formato papel ou dixital.

B2.14.1. Produce textos narrativos, en formato papel ou dixital.

B2.15.1. Usa, con progresiva autonomía, as TIC para planificar, revisar e mellorar o texto.

B2.16.1. Presenta os textos escritos, tanto en formato papel coma en formato dixital, evitando calquera erro gramatical, ortográfico ou tipográfico.

B2.16.2. Presenta os traballos con limpeza e claridade.

B2.16.3. O traballo presenta: índice, presentación ou introdución, desenvolvemento, conclusión e bibliografía.

B2.17.1. Valora a escrita como fonte de coñecemento académico e experiencial.

B2.18.1. Valora positivamente a produción escrita en lingua galega.

B2.18.2. Produce textos en lingua galega fóra do ámbito académico.

B2.19.1. Recoñece a importancia individual e colectiva do dominio do texto escrito.

B2.20.1. Participa, de modo guiado, nas tarefas de revisión e mellora das producións propias.

B2.21.1. Valora a lingua como o grande medio de comprensión e participación da/na historia colectiva e individual

Bloque 3: Funcionamento da lingua

B3.1.1. Coñece as características da linguaxe oral e escrita.

B3.2.1. Coñece as diferenzas entre a linguaxe formal e informal.

B3.3.1. Recoñece, explica e usa os elementos e funcións da comunicación en situacións formais e informais.

B3.4.1. Constrúe, con progresiva independencia, textos escritos que se adecúen aos rexistros informal ou académico, segundo o requira a situación comunicativa da mensaxe.

B3.5.1. Recoñece o sistema vocálico e consonántico da lingua galega.

B3.5.2. Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega.

B3.6.1. Recoñece o parágrafo como unidade de sentido e da puntuación como mecanismo organizador do texto escrito.

B3.7.1. Recoñece e usa as regras da acentuación (agudas, graves e esdrúxulas).

B3.7.2. Recoñece e aplica as normas de uso do B/V.

B3.7.3. Recoñece e aplica as normas de uso do H.

B3.8.1. Recoñece e aplica as normas da separación en sílabas da palabra.

B3.8.2. Recoñece ditongos, tritongos e hiatos.

B3.9.1. Usa, con progresiva autonomía, os correctores ortográficos dos procesadores de texto.

B3.10.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais (substantivo, adxectivos, determinantes e pronome persoal) nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros.

B3.11.1. Coñece as funcións sintácticas do suxeito e predicado, utiliza este coñecemento para corrixir erros.

B3.12.1. Coñece e usa unha terminoloxía básica.

B3.13.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación..

B3.14.1. Recoñece e utiliza as modalidades asertiva, interrogativa, exclamativa, desiderativa, dubitativa e imperativa en relación coa intención comunicativa do emisor.

B3.15.1. Recoñece e usa correctamente sinónimos, antónimos e palabras polisémicas.

Bloque 4: Lingua e sociedade

B4.1.1. Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso na literatura.

B4.2.1. Coñece as linguas que se falan no mundo, en Europa e na Península Ibérica e valora esta diversidade lingüística de riqueza inconmensurable.

B4.3.1. Coñece as linguas que se falan en España.

B4.4.1. Coñece os trazos evolutivos do galego-portugués desde o medievo até a actualidade.

B4.4.2. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona.

B4.5.1. Coñece e analiza a situación sociolingüística de Galicia a partir da análise dos ámbitos que a rodean.

B4.6.1. Analiza a súa práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e colectivamente á normalización da lingua galega.

Bloque 5: Educación literaria

B5.1.1. Le, con regularidade e de maneira guiada, obras literarias para desenvolver o criterio lector.

B5.1.2. Expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada aos seus gustos.

B5.1.3. Relaciona o sentido da obra coa propia experiencia e con outros coñecementos adquiridos.

B5.1.4. Asimila os trazos estéticos xerais que definen cada texto.

B5.2.1. Le contos, relatos breves, mitos e lendas da nosa cultura.

B5.2.2. Recoñece os elementos básicos do relato literario e a súa función.

B5.3.1. Le dramatizada e comprensivamente, visiona pezas teatrais e aprecia os seus compoñentes e procedementos máis salientables.

B5.4.1. Describe e caracteriza os trazos definatorios básicos do cómic como linguaxe artística.

B5.4.2. Identifica e describe, nun cómic dado, os principais trazos definatorios.

B5.5.1. Diferencia os grandes xéneros literarios e recoñece as súas características a partir da lectura.

B5.6.1. Valora a literatura oral como medio de transmisión cultural e como elemento da identidade cultural.

B5.7.1. Produce, previa planificación, textos con intención literaria.

B5.8.1. Coñece e usa as estratexias e técnicas que axuden a analizar e interpretar o texto literario antes, durante e despois da lectura.

B5.9.1. Fai audicións de poemas recitados ou cantados.

B5.10.1. Utiliza, con progresiva independencia, todo tipo de bibliotecas, físicas ou dixitais.

B5.11.1. Recoñece o valor da lectura como fonte de coñecemento do mundo e do individuo. B5.12.1. Goza coa lectura de textos literarios.

Lingua estranxeira: inglés

Bloque 1: Comprensión oral

B1.1.1. Aplica as estratexias de escoita activa para a comprensión (global ou específica) das mensaxes recibidas, sen necesidade de entender todos os elementos das mesmas.

B1.2.1. Comprende mensaxes orais breves e instrucións relacionadas coa actividade de aula.

B1.2.2. Comprende mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información (por exemplo, números, prezos, horarios ou datas nunha estación ou nuns grandes almacéns).

B1.2.3. Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos, saúdos e presentacións).

B1.2.4. Identifica o tema dunha conversa cotiá predicible que ten lugar na súa presenza (saúdos e presentacións, diálogos en lugares públicos: oficinas de información, comercios, restaurantes, farmacias e hospitais, estacións ou aeroportos).

B1.2.5. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa que traten sobre a súa contorna persoal: a familia, os amigos, o traballo, o tempo libre, a descrición de obxectos e lugares.

B1.2.6 Comprende as ideas principais de presentacións e proxectos (en formato papel ou dixital) sinxelos e ben estruturados sobre temas familiares ou do seu interese (lecer, familia, fogar, deporte, etc.) e sobre aspectos socioculturais dos países nos que se fala a lingua estranxeira, a condición de que contén con imaxes e ilustracións e se fale de xeito lento e claro.

B1.3.1. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.

B1.4.1. Identifica un repertorio limitado dos expoñentes máis comúns propios do seu nivel e dos patróns discursivos básicos para entender as funcións comunicativas das mensaxes orais directas ou recibidas mediante formato electrónico.

B1.5.1. Recoñece e comprende as estruturas morfosintácticas básicas en oracións sinxelas de situacións habituais e de contido predicible asociadas ás funcións comunicativas propias do seu nivel.

B1.6.1. Recoñece un vocabulario oral básico e suficiente para comprender textos sinxelos propios do seu nivel educativo.

B1.7.1. Identifica patróns fonéticos e de entoación moi básicos e evidentes que axudan a entender o sentido xeral da mensaxe.

Bloque 2: Expresión oral

B2.1.1. Emprega estratexias de comunicación básicas para producir textos orais breves e para participar en conversas, amosando interese e comprensión e empregando estratexias de compensación para suplir as carencias na lingua estranxeira.

B2.2.1. Realiza presentacións e proxectos breves e sinxelos, previamente preparados e ensaiados, de acordo cun guión sinxelo e con apoio visual (en formato dixital ou papel), sobre temas cotiáns ou do seu interese (presentarse e presentar outras persoas; dar información básica sobre si mesmo/a, a súa familia, o seu traballo, a súa vida académica e o seu contorno; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de xeito sinxelo a súa casa, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa ou dun obxecto; presentar un tema que lle interese, dicir o que lle gusta e non lle gusta

e dar a súa opinión) ou sobre aspectos socioculturais básicos dos países da lingua estranxeira, usando estruturas sinxelas e básicas.

B2.2.2. Desenvólvese en accións comunicativas cotiás básicas (saudar e dar información persoal, comprar ou comer nun restaurante, pedir medicamentos na farmacia, dicir no hospital o que lle doe, rexistrarse nun hotel, comprar un billete de autobús...).

B2.2.3. Participa en entrevistas e en conversacións cara a cara ou por medios técnicos (teléfono, videoconferencia) nas que se establece contacto social (dar as grazas, saudar, despedirse, dirixirse a alguén, pedir desculpas, presentarse, interesarse polo estado de alguén, felicitar a alguén), se intercambia información persoal e sobre asuntos cotiáns, se expresan sentimentos, se ofrece algo a alguén, se pide prestado algo, se queda con amizades ou se dan instrucións).

B2.3.1. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.

B2.4.1. Emprega un repertorio limitado dos expoñentes máis comúns e habituais propios do seu nivel para realizar as funcións comunicativas demandadas, así como os patróns discursivos básicos máis frecuentes para o propósito comunicativo.

B2.5.1. Comunica con eficacia, empregando adecuadamente estruturas morfosintácticas básicas e de escasa complexidade para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.

B2.6.1. Emprega un vocabulario oral básico e suficiente para producir textos sinxelos propios do seu nivel educativo.

B2.7.1. Exprésase con certa claridade, aínda que con clara influencia da lingua materna, usando unha entoación e pronuncia comprensible, aceptándose as pausas e vacilacións frecuentes.

Bloque 3: Comprensión escrita

B3.1.1. Aplica estratexias de lectura comprensiva, recoñecendo os trazos básicos e o contido global do texto, sen necesidade de entender todos os elementos do mesmo.

B3.2.1. Comprende instrucións, indicacións e información básica en notas e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, cines, museos, centros educativos e outros lugares públicos.

B3.2.2. Capta a información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo e breve como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios,

publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos, presentacións escritas ou proxectos, etc.

B3.2.3. Comprende correspondencia (mensaxes, correos electrónicos, postais e tarxetas) breve e sinxela que trate sobre temas familiares como, p. e., un mesmo, a familia, o centro educativo, o traballo, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar, a indicación da hora e o lugar dunha cita, etc

B3.2.4. Entende o esencial e os puntos principais de noticias e artigos breves en xornais e revistas, en páxinas web e noutros materiais de referencia previamente seleccionados, que traten temas adecuados ao seu nivel, que lle sexan familiares ou sexan do seu interese e nos que os números, os nomes, as ilustracións e os títulos compoñen grande parte da mensaxe.

B3.2.5. Comprende o esencial de historias breves, sinxelas, ben estruturadas e adecuadas ao seu nivel e identifica aos personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción conduzan grande parte do argumento (cómic, relatos breves ou lecturas adaptadas).

B3.3.1. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.

B3.4.1. Identifica un repertorio limitado dos expoñentes máis comúns propios do seu nivel e dos patróns discursivos básicos para entender as funcións comunicativas das mensaxes escritas en calquera formato.

B3.5.1. Recoñece e comprende as estruturas morfosintácticas básicas en oracións sinxelas de situacións habituais e de contido predicible asociadas ás funcións comunicativas propias do seu nivel.

B3.6.1. Recoñece un vocabulario escrito básico e suficiente para comprender textos sinxelos propios do seu nivel educativo

B3.7.1. Recoñece algunhas das características e convencións propias da linguaxe escrita, discrimina o uso e significado da ortografía e a puntuación e distingue o significado e a utilidade dos símbolos de uso común.

Bloque 4: Expresión escrita

B4.1.1. Desenvolve estratexias estruturadas de composición, seguindo modelos propios de cada tipo de texto, elaborando un borrador previo, empregando dicionarios impresos ou online e correctores ortográficos e realizando unha revisión final.

B4.1.2 Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para matricularse nun curso, rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico, etc.).

B4.2.1. Escribe correspondencia persoal breve, simple e cun guión sinxelo (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo e da súa contorna inmediata (familia, amigos, afeccións, actividades cotiás, obxectos, lugares) e fai preguntas relativas a estes temas.

B4.2.2. Elabora presentacións e proxectos breves e sinxelos (en formato dixital ou papel), sobre temas cotiás ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo/a, a súa familia, o seu traballo, a súa vida académica e a súa contorna; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de xeito sinxelo a súa casa, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou dun obxecto; presentar un tema que lle interese, dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión) ou sobre aspectos socioculturais básicos dos países da lingua estranxeira, usando estruturas sinxelas e básicas.

B4.3.1. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.

B4.4.1. Emprega un repertorio limitado dos expoñentes máis comúns e habituais propios do seu nivel para realizar as funcións comunicativas demandadas, así como os patróns discursivos básicos máis frecuentes para o propósito comunicativo.

B4.5.1. Elabora textos breves e sinxelos, empregando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.

B4.6.1. Emprega un vocabulario escrito básico e suficiente para producir textos sinxelos propios do seu nivel educativo.

B4.7.1. Amona interese pola boa presentación dos textos escritos e aplica, de xeito elemental e con posibilidade de erros que non impidan a comprensión, os signos de puntuación básicos, as regras ortográficas básicas, así como as convencións ortográficas máis habituais na redacción de textos en soporte electrónico.

Obxectivos para o curso

Conforme se indica no *Real Decreto 85/2015* no seu artigo 10, a Educación Secundaria Obrigatoria, sexa na súa modalidade ordinaria ou, no caso que nos ocupa, na modalidade a

distancia, contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Concreción da temporalización, do grao mínimo de consecución para superar a materia e dos procedementos e instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe avaliable

Debido ás especiais características das ensinanzas impartidas na educación secundaria para adultos a distancia, os procedementos e instrumentos de avaliación da materia redúcense forzosamente ás diferentes probas escritas contempladas no apartado da avaliación. Por este motivo considérase reiterativo especificar de novo esta información para cada estándar na táboa seguinte. En calquera caso, no apartado dedicado a Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado explicárase de maneira máis específica esta cuestión e faranse as pertinentes puntualizacións.

Así mesmo, débese notar que moitos dos estándares de aprendizaxe traballados nestes primeiros módulos do ámbito de comunicación teñen un carácter moi básico, especialmente os máis relacionados coa comunicación oral e escrita. Por este motivo a temporalización proposta a continuación na táboa deberase entender como un traballo continuado ao longo do

respectivo cuadrimestre, no que en determinados momentos farase maior fincapé nas competencias, obxectivos e contidos avaliados polo estándar correspondente.

Estudo coordinado das linguas oficiais

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES			TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
Bloque 1	B1.1.1.	1ª avaliación	Comprende parcialmente e interpreta algunha das intencións comunicativas dalgún texto oral dos medios de comunicación.	
	B.1.1.2.	1ª avaliación	Comprende parcialmente e interpreta algunha das intencións comunicativas dalgún texto oral da vida cotiá.	
	B.1.1.3.	1ª e 2ª avaliación	Extrae algunha intención comunicativa dalgún texto oral e escrito do ámbito académico, seguindo parcialmente as instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe.	
	B1.2.1.	1ª avaliación	Identifica e extrae parcialmente información adecuada ao obxectivo da escoita.	
	B1.3.1.	1ª avaliación	Identifica e selecciona algunha das ideas principais e secundarias dun texto.	
	B1.4.1.	1ª avaliación	Trata de expoñer con claridade e orde algún tema relacionado coa actividade académica ou con noticias.	
	B1.4.2.	1ª avaliación	Utiliza no proceso algún dos seguintes medios de rexistro de información: táboas, gráficos, esquemas ...	
	B1.5.1.	1ª avaliación	Busca e selecciona información parcialmente relevante procedente dalgunha das seguintes fontes: audiovisuais e dixitais.	
	B1.6.1.	1ª avaliación	Valora e trata de desenvolver progresivamente algún dos seguintes aspectos: unha articulación clara, unha pronunciación adecuada ou un uso adecuado das regras morfosintácticas.	
	B1.7.1.	1ª avaliación	Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, reconece os erros de produción oral propia e allea e propón solucións para melloralas.	
B1.7.2.	1ª avaliación	Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos		

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES		TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
			que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega cando se lle guía para facelo.
B1.8.1.	1ª avaliación		Participa en diálogos, debates e traballos cooperativos cando se lle anima a facelo.
B1.8.2.	1ª avaliación		Fai preguntas e/ou comentarios pertinentes antes das intervencións dos demais cando se lle guía para facelo.
B1.8.3.	1ª avaliación		Fai un esforzo por respectar a quenda de palabra e normalmente usa as formas de cortesía.
B1.8.4.	1ª avaliación		Respecta os argumentos dos demais e intenta contrastar esa información e tomar decisións cando se lle guía para facelo.
B1.9.1.	1ª avaliación		Intenta reconecer a intencionalidade do/-a emisor/-a cando se lle guía para facelo a partir dalgún dos seus elementos contextuais.
B1.10.1.	1ª avaliación		Identifica parcialmente expresións habituais que evidencian calquera tipo de discriminación.
B1.10.2.	1ª avaliación		Fai un esforzo por evitar o seu uso.
B1.11.1.	1ª avaliación		Intenta usar a lingua galega nos diferentes ámbitos de comunicación.
B1.11.2.	1ª avaliación		Participa en actividades de transmisión e creación da cultura galega cando se lle anima a facelo.
B1.11.3.	1ª avaliación		Normalmente ten unha actitude positiva ante o uso da lingua galega en calquera situación.
B1.12.1.	1ª avaliación		Elabora guións para organizar os contidos dalgunha exposición (formal ou informal) seguindo un modelo.
B1.12.2.	1ª avaliación		Fai un esforzo por respectar cando se lle indica os aspectos prosódicos da linguaxe non verbal, manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e intenta dirixirse ao auditorio con confianza e seguridade.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES			
		TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
	B1.12.3.	1ª avaliación	Adecúa a súa pronuncia á finalidade da situación comunicativa cando así se lle indica.
	B1.12.4.	1ª avaliación	Trata de incorporar progresivamente palabras do nivel formal ás súas producións orais.
	B1.12.5.	1ª avaliación	Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos seguindo un modelo.
	B1.12.6.	1ª avaliación	Recoñece e avalía algún dos seguintes erros: progresión na argumentación, pobreza léxica e castellanismos.
	B1.13.1.	1ª avaliación	Fai un esforzo por participar en conversacións informais (intercambia información e expresa súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, ou pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas cando así se lle indica).
	B1.13.2.	1ª avaliación	Desenvólvese parcialmente en situacións da vida cotiá que impliquen solicitar unha información ou un servizo.
	B1.12.1	1ª e 2ª avaliación	Le en voz alta con dicción, entoación ou ritmo adecuados á situación comunicativa.
Bloque 2	B2.1.1.	2ª avaliación	Comprende, interpreta parcialmente e trata de sintetizar o contido dalgún texto propio da vida cotiá: mensaxes electrónicas ou de móbil, de correo electrónico, normas e instrucións de uso.
		1ª e 2ª avaliación	Comprende e interpreta parcialmente algún texto dos medios de comunicación.
	B2.2.1.	1ª e 2ª avaliación	Comprende e interpreta parcialmente textos narrativos.
	B2.2.2.	2ª avaliación	Identifica, coñece e usa algún dos trazos da linguaxe narrativa.
	B2.3.1.	2ª avaliación	Comprende e interpreta parcialmente algún texto xornalístico (a noticia).
	B2.3.2.	2ª avaliación	Identifica, coñece e usa algún dos trazos da linguaxe xornalística.
	B2.4.1.	2ª avaliación	Comprende e interpreta parcialmente algún
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES			
		TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN

			anuncio publicitario.
B2.4.2.	2ª avaliación		Identifica, coñece e usa algún dos trazos da linguaxe publicitaria.
B2.5.1.	2ª avaliación		Identifica a estrutura comunicativa das mensaxes escritas cando se lle guía para facelo.
B2.6.1.	2ª avaliación		Analiza parcialmente o contido de textos escritos, segundo as pautas indicadas.
B2.6.2.	2ª avaliación		Fai esquemas e recolle algunhas das ideas principais e secundarias.
B2.6.3.	2ª avaliación		Sintetiza parcialmente o contido dalgún texto escrito.
B2.6.4.	2ª avaliación		Integra parcialmente no resumo algunhas ideas ou informacións do texto co apoio dun esquema previo.
B2.7.1.	2ª avaliación		Utiliza algunha estratexia para a discriminación das ideas principais e secundarias do texto.
B2.8.1.	2ª avaliación		Crea textos escritos, en formato papel ou dixital, utilizando algunha das seguintes estratexias: busca e desenvolve ideas, organizaas e/ou fai un esbozo.
B2.8.2.	2ª avaliación		Utiliza esquemas ou outros recursos similares para parcialmente ordenar as ideas e estruturar o contido dalgún texto.
B2.8.3.	2ª avaliación		Adecúa algún texto ao rexistro (coloquial ou formal) segundo se lle indique que o require a situación comunicativa.
B2.8.4.	2ª avaliación		Utiliza algún dos elementos lingüísticos e discursivos esenciais para a cohesión das ideas conectores textuais básicos, e concordancias dentro do sintagma nominal e do sintagma verbal.
B2.8.5.	2ª avaliación		Puntúa algún o texto tendo en conta
ESTANDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES			
		TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN

		parcialmente a relación coa súa organización oracional e a súa forma (os parágrafos e a distribución e organización das ideas expresadas).
B2.8.6.	2ª avaliación	Crea algún texto escrito, en formato papel ou dixital, utilizando algunha das seguintes estratexias: corríxeo (conforme ás normas ortográficas, morfosintácticas e tipográficas) reelabora o texto e/ou prepara a redacción definitiva.
B2.9.1.	2ª avaliación	Busca algunha palabra en dicionarios (sinónimos, antónimos, fraseoloxía...) en papel ou dixitais.
B2.10.1.	2ª avaliación	Fai un esforzo por utilizar, con progresiva autonomía, o OPAC das bibliotecas.
B2.10.2.	2ª avaliación	Busca información para intentar ampliar e completar o contido da súa investigación a través dalgún dos seguintes recursos: revistas, artigos, enciclopedias e motores de busca especializados de internet.
B2.11.1.	2ª avaliación	Produce algún texto sinxelo propios da vida cotiá e das relacións sociais (notas, cartas, avisos, mensaxes) en formato papel ou dixital.
B2.12.1.	2ª avaliación	Produce algún texto, en formato papel ou dixital, propio da vida académica.
B2.13.1.	2ª avaliación	Produce algún texto xornalístico (noticias), a partir dun modelo, en formato papel ou dixital.
B2.14.1.	2ª avaliación	Produce algún texto narrativo, en formato papel ou dixital.
B2.15.1.	2ª avaliación	Usa as TIC para planificar, revisar e/ou mellorar o texto cando así se lle indica.
B2.16.1.	2ª avaliación	Presenta algún texto escrito, tanto en formato papel coma en formato dixital, evitando calquera erro gramatical, ortográfico ou

ESTÁNDARES APRENDIZAXE AVALIABLES	DE	TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
	B3.4.1.	1ª avaliación	Constrúe algún texto escrito que se adecúa parcialmente aos rexistros informal ou académico, segundo o requira a situación comunicativa da mensaxe.
	B3.5.1.	1ª avaliación	Recoñece a maior parte do sistema vocálico e consonántico da lingua galega.
	B3.5.2.	1ª avaliación	Recoñece e pronuncia correctamente a maior parte dos fonemas propios da lingua galega.
	B3.6.1.	2ª avaliación	Recoñece o parágrafo como unidade de sentido e da puntuación como mecanismo organizador do texto escrito cando se lle indica.
	B3.7.1.	1ª avaliación	Recoñece e intenta usar habitualmente as regras da acentuación (agudas, graves e esdrúxulas).
	B3.7.2.	1ª avaliación	Recoñece e intenta usar habitualmente as normas de uso do B/V.
	B3.7.3.	1ª avaliación	Recoñece e intenta aplicar habitualmente as normas de uso do H.
	B3.8.1.	1ª avaliación	Recoñece e intenta aplicar habitualmente as normas da separación en sílabas da palabra.
	B3.8.2.	1ª avaliación	Recoñece (de modo guiado) ditongos, tritongos e hiatos.
	B3.9.1.	2ª avaliación	Intenta usar, con progresiva autonomía, os correctores ortográficos dos procesadores de texto.
	B3.10.1.	1ª avaliación	Recoñece e explica parcialmente o uso dalgunha das categorías gramaticais (substantivo, adxectivos, determinantes pronome persoal) nos textos, e fai un esforzo por utilizar este coñecemento para corrixir erros de xeito guiado.
	B3.11.1.	1ª avaliación	Coñece as funcións sintácticas do suxeito e predicado e intenta utilizar este coñecemento para corrixir erros de modo guiado.
	B3.12.1.	1ª avaliación	Coñece e usa algunha terminoloxía básica.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES		TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
			despois da lectura.
	B5.9.1.	2ª avaliación	Fai audicións dalgún poema recitado ou cantado.
	B5.10.1.	2ª avaliación	Fai un esforzo por utilizar todo tipo de bibliotecas, físicas ou dixitais.
	B5.11.1.	2ª avaliación	Recoñece o valor da lectura como fonte de coñecemento do mundo e do individuo, cando se lle anima a facelo.
	B5.12.1.	2ª avaliación	Goza coa lectura de textos literarios cando se lle anima a facelo.

Lingua estranxeira: inglés

11		TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
Bloque 1	B1.1.1.	1ª e 2ª avaliación	Aplica algunha estratexia de escoita activa para a comprensión parcial (global ou específica) das mensaxes recibidas, sen necesidade de entender todos os elementos das mesmas.
	B1.2.1.	1ª e 2ª avaliación	Comprende parcialmente mensaxes orais breves ou instrucións relacionadas coa actividade de aula.
	B1.2.2.	1ª e 2ª avaliación	Comprende parcialmente algún mensaxe ou anuncio público que conteñan algunha das seguintes instrucións, indicacións ou outro tipo de información: números, prezos, horarios ou datas nunha estación ou nuns grandes almacéns.
	B1.2.3.	1ª e 2ª avaliación	Entende parcialmente o que se lle di nalgunha das seguintes transaccións habituais sinxelas: instrucións, indicacións, peticións, avisos, saúdos e presentacións.
	B1.2.4.	1ª e 2ª avaliación	Identifica parcialmente o tema dalgunha conversa cotiá predicible que ten lugar na súa presenza (saúdos e presentacións ou diálogos en lugares públicos: oficinas de información, comercios, restaurantes, farmacias e hospitais, estacións ou aeroportos).
	B1.2.5.	1ª e 2ª avaliación	Entende parcialmente a información esencia

11		TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
			nalgunha conversa breve e sinxela (na que participa cando se lle anima a facelo) que traten sobre a súa contorna persoal: a familia, os amigos, o traballo, o tempo libre ou a descrición de obxectos e lugares.
	B1.2.6	1ª e 2ª avaliación	Comprende parcialmente algunha das ideas principais de presentacións e proxectos (en formato papel ou dixital) sinxelos e ben estruturados sobre temas familiares ou do seu interese (p. e. lecer, familia, fogar, deporte, etc.) e sobre aspectos socioculturais dos países nos que se fala a lingua estranxeira, a condición de que contén con imaxes e ilustracións e se fale de xeito lento e claro
	B1.3.1	1ª e 2ª avaliación	Na propia lingua, identifica algún dos aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas cando se lle guía para facelo.
	B1.4.1	1ª e 2ª avaliación	Identifica algún dos expoñentes máis comúns propios do seu nivel ou algún dos patróns discursivos básicos para entender as funcións comunicativas das mensaxes orais directas ou recibidas mediante formato electrónico.
	B1.5.1	1ª e 2ª avaliación	Recoñece e comprende parcialmente algunha das estruturas morfosintácticas básicas en oracións sinxelas de situacións habituais e de contido predicible asociadas ás funcións comunicativas propias do seu nivel.
	B1.6.1	1ª e 2ª avaliación	Recoñece boa parte do vocabulario oral básico para comprender textos sinxelos propios do seu nivel educativo.
	B1.7.1	1ª e 2ª avaliación	Identifica algún patrón fonético ou de entoación moi básico e evidente que axuda a entender o sentido xeral da mensaxe.
Bloque 2	B2.1.1	1ª e 2ª avaliación	Emprega algunha das estratexias de comunicación
11		TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
e 2			básicas para producir un texto oral breve ou para participar en conversas, amosando interese e

			comprensión e empregando algunha das estratexias de compensación para suplir as carencias na lingua estranxeira.
B2.2.1	1ª e 2ª avaliación		Realiza unha presentación ou un proxecto breve e sinxelo, previamente preparado e ensaiado, de acordo cun guión sinxelo e con apoio visual (en formato dixital ou papel), sobre algún dos seguintes temas cotiáns ou do seu interese (presentarse e presentar outras persoas; dar información básica sobre si mesmo/a, a súa familia, o seu traballo, a súa vida académica e o seu contorno; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de xeito sinxelo a súa casa, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa ou dun obxecto; presentar un tema que lle interese, dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión) ou sobre algún dos aspectos socioculturais básicos dos países da lingua estranxeira, usando estruturas sinxelas e básicas.
B2.2.2	1ª e 2ª avaliación		Desenvólvese parcialmente nalgunha das seguintes accións comunicativas cotiás básicas: saudar e dar información persoal, comprar ou comer nun restaurante, pedir menciñas na farmacia, dicir no hospital o que lle doe, rexistrarse nun hotel, comprar un billete de metro.
B2.2.3	1ª e 2ª avaliación		Participa nalgunha entrevistas ou nalgunha conversación cara a cara ou por medios técnicos (teléfono, videoconferencia) nas que se establece contacto social (dar as grazas, saudar, despedirse, dirixirse a alguén, pedir desculpas, presentarse, interesarse polo estado de alguén, felicitar a alguén), se intercambia información persoal e
11	TEMPORALIZACION		GRAO MINIMO DE CONSECUION
			sobre asuntos cotiáns, se expresan sentimentos, se ofrece algo a alguén, se pide prestado algo, se queda con amizades ou se dan instrucións.

	B2.3.1	1ª e 2ª avaliación	Na propia lingua, identifica algún dos aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas cando se lle anima a facelo.
	B2.4.1	1ª e 2ª avaliación	Emprega algúns dos expoñentes máis comúns e habituais propios do seu nivel para realizar as funcións comunicativas demandadas ou algún dos patróns discursivos básicos máis frecuentes para o propósito comunicativo.
	B2.5.1	1ª e 2ª avaliación	Comunica con eficacia, empregando adecuadamente algunha das estruturas morfosintácticas básicas e de escasa complexidade para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.
	B2.6.1	1ª e 2ª avaliación	Emprega algún vocabulario oral básico para producir algún texto sinxelo propio do seu nivel educativo.
	B2.7.1	1ª e 2ª avaliación	Exprésase con certa claridade, aínda que con clara influencia da lingua materna, usando unha entoación ou pronuncia comprensible, aceptándose as pausas e vacilacións frecuentes.
Bloque 3	B3.1.1	1ª e 2ª avaliación	Aplica algunha das estratexias de lectura comprensiva, recoñecendo algún dos trazos básicos e parte do contido global do texto, sen necesidade de entender todos os elementos do mesmo.
	B3.2.1	1ª e 2ª avaliación	Comprende parcialmente algunhas instrucións, indicacións ou información básica en notas e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, cines, museos, centros educativos e outros lugares públicos.
	B3.2.2	1ª e 2ª avaliación	Capta a información esencial ou localización
11	TEMPORALIZACION		GRAO MINIMO DE CONSECUION
			información específica en material informativo sinxelo e breve como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos, presentacións escritas ou proxectos, etc.

	B3.2.3	1ª e 2ª avaliación	Comprende parcialmente algunha correspondencia (mensaxes, correos electrónicos, postais e tarxetas) breve e sinxela que trate sobre temas familiares como, p. e., un mesmo, a familia, o centro educativo, o traballo, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar, a indicación da hora e o lugar dunha cita, etc
	B3.2.4	1ª e 2ª avaliación	Entende o esencial e algún dos puntos principais de noticias ou artigos breves en xornais e revistas, en páxinas web ou noutros materiais de referencia previamente seleccionados, que traten temas adecuados ao seu nivel, que lle sexan familiares ou sexan do seu interese e nos que os números, os nomes, as ilustracións e os títulos compoñen grande parte da mensaxe.
	B3.2.5	1ª e 2ª avaliación	Comprende o esencial dalgunha historia breve, sinxela, ben estruturada e adecuada ao seu nivel e identifica algún dos personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción conduzan grande parte do argumento (cómic, relatos breves ou lecturas adaptadas).
	B3.3.1	1ª e 2ª avaliación	Na propia lingua, identifica algún dos aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas cando se lle anima a facelo.
	B3.4.1	1ª e 2ª avaliación	Identifica algún dos expoñentes máis comúns propios do seu nivel ou dos patróns discursivos básicos para entender as funcións comunicativas
11	TEMPORALIZACIÓN		GRAO MINIMO DE CONSECUION
			das mensaxes escritas en calquera formato.
	B3.5.1	1ª e 2ª avaliación	Recoñece e comprende parcialmente algunha das estruturas morfosintácticas básicas nalgunha oración sinxela de situacións habituais e de contido predicible asociadas ás funcións comunicativas propias do seu nivel.

	B3.6.1	1ª e 2ª avaliación	Recoñece algún vocabulario escrito básico para comprender textos sinxelos propios do seu nivel educativo
	B3.7.1	1ª e 2ª avaliación	Recoñece algunhas das características e das convencións propias da linguaxe escrita; discrimina o uso e significado da ortografía e a puntuación ou distingue o significado e a utilidade dalgún dos símbolos de uso común.
Bloque 4	B4.1.1	1ª e 2ª avaliación	Desenvolve algunha das estratexias estruturadas de composición, seguindo algún dos modelos propios de cada tipo de texto ou elaborando un borrador previo, empregando dicionarios impresos ou online e correctores ortográficos e realizando unha revisión final.
	B4.1.2	1ª e 2ª avaliación	Completa de xeito guiado un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para matricularse nun curso, rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico, etc.).
	B4.2.1	1ª e 2ª avaliación	Escrebe algunha correspondencia persoal breve, simple e cun guión sinxelo (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo e da súa contorna inmediata (familia, amigos, afeccións, actividades cotiás, obxectos, lugares) e fai preguntas relativas a estes temas.
	B4.2.2	1ª e 2ª avaliación	Elabora algunha presentación ou proxecto breve e sinxelo (en formato dixital ou papel), sobre temas cotiás ou do seu interese (presentarse e presentar
11	TEMPORALIZACIÓN		GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN
			a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo/a, a súa familia, o seu traballo, a súa vida académica e a súa contorna; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de xeito sinxelo a súa casa, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou dun obxecto; presentar un tema que lle interese, dicir o que lle gusta e non

			Ile gusta e dar a súa opinión) ou sobre aspectos socioculturais básicos dos países da lingua estranxeira, usando estruturas sinxelas e básicas.
	B4.3.1	1ª e 2ª avaliación	Na propia lingua, identifica algún dos aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas cando se lle anima a facelo.
	B4.4.1	1ª e 2ª avaliación	Emprega algún dos expoñentes máis comúns e habituais propios do seu nivel para realizar algunhas das funcións comunicativas demandadas ou algún dos patróns discursivos básicos máis frecuentes para o propósito comunicativo.
	B4.5.1	1ª e 2ª avaliación	Elabora algún texto breve e sinxelo, empregando adecuadamente algunha das estruturas morfosintácticas básicas para realizar algunha das funcións comunicativas propias do seu nivel.
	B4.6.1	1ª e 2ª avaliación	Emprega parcialmente algún vocabulario escrito básico para producir algún texto sinxelo propio do seu nivel educativo.
	B4.7.1	1ª e 2ª avaliación	Amosa interese pola boa presentación dos textos escritos e aplica parcialmente, de xeito elemental e con posibilidade de erros que non impidan a comprensión, os signos de puntuación básicos, as regras ortográficas básicas ou as convencións ortográficas máis habituais na redacción de textos
11	TEMPORALIZACIÓN GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN		en soporte electrónico.

Concrecións metodolóxicas

Se entendemos por metodoloxía didáctica o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados, a concreción das metodoloxías convértese nunha peza clave da programación desta materia.

As distintas correntes metodolóxicas das dúas últimas décadas abandonaron o antigo modelo lingüístico-estruturalista en favor dun modelo comunicativo, para o cal a lingua convértese nun útil que posibilita a comunicación dentro dun marco plurilingüe e plural que resulta

coherente coa organización en ámbitos propia da ESA. As especiais características da educación das persoas adultas a distancia fan que esta materia presente concrecións metodolóxicas específicas.

O ensino a distancia esixe unha planificación metodolóxica flexible vinculada fundamentalmente ao emprego da plataforma virtual. O método interrogativo deixa paso á lección comunicativa e ao método demostrativo (a partir de vídeos ou documentos), mentres a aprendizaxe por descubrimento (que esixe a aplicación práctica dos contidos estudados) vai ser guiada por medio de exercicios autoavaliáveis, especialmente no ámbito da lingua estranxeira.

Tratarase de implementar unha metodoloxía sumativa, aberta, participativa e bidireccional por medio do emprego de ferramentas coma os foros da materia, se ben a estruturación das actividades terá que atender ao obxectivo básico de preparar as e os discentes para a superación das probas escritas programadas.

A estes condicionantes debemos engadir tamén as características da ESA. Se as materias da ESO ordinaria teñen coma finalidade última a consecución por parte do alumnado das competencias clave, coñecementos e habilidades que lle permitirán desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade, ao tempo que lle capacitarán para acceder á educación postobrigatoria, a Educación Secundaria para Adultos (que xa ten carácter non obrigatorio) debe continuar este labor tendo en conta as características inherentes a unha titulación de segunda oportunidade conducente a título: esixindo o dominio dos contidos recollidos no currículo sen por iso esquecer a situación persoal do alumnado matriculado.

Materiais e recursos didácticos

Como xa indicamos en apartados anteriores, os materiais e recursos empregados estarán dispoñibles na plataforma virtual (<https://distancia.iessanclemente.net>), de xeito que esta será ferramenta indispensable para o alumnado. Nela atoparase a disposición dos estudantes un conxunto variado de materiais didácticos.

Os recursos despregados baixo a etiqueta «Apuntamento de profesorado» servirán ao alumnado para situarse na materia. Este material incluírá documentos teóricos e exercicios prácticos que de xeito habitual veñen sendo proporcionados pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través dunhas unidades didácticas postas a disposición do alumnado e do profesorado.

A estes materiais o equipo docente engadirá diferentes recursos: documentos con indicacións acerca de como estudar a materia, ligazóns a diferentes recursos TIC de interese ou gravacións didácticas pensadas para orientar o estudo.

Outro recurso a disposición do alumnado serán os foros. Todos os alumnos/as poderán crear un foro dentro do espazo asignado a cada avaliación para preguntar calquera dúbida, de xeito que tanto o profesorado coma os restantes alumnos/as poidan despexala.

Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Instrumentos de avaliación

- Dadas as peculiaridades das ensinanzas de ESA a distancia, as cualificacións do alumnado dependerán exclusivamente das probas realizadas.
- Realizarase unha proba escrita ao final de cada avaliación. A segunda proba, realizada ao finalizar o cuatrimestre, incluírá contidos correspondentes ás dúas avaliacións e terá consideración de proba final para o alumnado que non superou a primeira. Os estudantes que superaran a primeira avaliación só terán que realizar, nesta proba final, a parte correspondente á segunda.
- Realizarase unha proba extraordinaria de curso completo á que poderá presentarse o alumnado que non acadara un resultado positivo na avaliación ordinaria.

Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación relaciónanse cos estándares de aprendizaxe avaliábeis e co seu grao mínimo de consecución. Así, os criterios de avaliación da nosa materia son os seguintes:

Estudo coordinado das linguas oficiais

Bloque 1: Comunicación oral: escoitar e falar.

B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais dos medios de comunicación.

B1.2. Identificar e extraer as informacións adecuadas ao obxectivo da escoita.

B1.3. Identificar e seleccionar as ideas principais e as ideas secundarias do texto.

B1.4. Expor temas relacionados coa actividade académica e con noticias do seu interese.

B1.5. Coñecer e aplicar as TIC na produción de textos orais e escritos.

B1.6. Valorar unha articulación clara, unha pronunciación adecuada e un uso adecuado das regras morfosintácticas.

B1.7. Valorar as producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta.

B1.8. Participar activamente en diálogos, debates e traballos cooperativos.

B1.9. Identificar e contrastar o propósito comunicativo en textos orais e escritos.

B1.10. Analizar criticamente as mensaxes que leven calquera tipo de prexuízo ou sexan discriminatorias.

B1.11. Coñecer, valorar e usar a lingua galega nas intervencións orais propias e alleas, tanto espontáneas coma planificadas.

B1.12. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situación formais e informais, de forma individual ou en grupo.

B1.13. Producir discursos breves e comprensibles sobre temas da vida cotiá, de interese persoal ou social.

B1.12. Ler en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa.

Bloque 2: Comunicación escrita. Ler e escribir.

B2.1. Comprender, interpretar textos da vida cotiá e dos medios de comunicación. B2.2. Comprender e interpretar textos narrativos.

B2.3. Comprender e interpretar textos xornalísticos. A noticia.

B2.4. Comprender e interpretar anuncios publicitarios.

B2.5. Identificar a estrutura comunicativa das mensaxes escritas.

B2.6. Analizar o contido de textos escritos e sintetízalo.

- B2.7. Utilizar estratexias para a discriminación das ideas principais e secundarias do texto.
- B2.8. Crear textos escritos, en formato papel ou dixital, utilizando as seguintes estratexias: buscar e desenvolver ideas, organizalas, facer unha primeira redacción, corrixir, reelaborar o texto e preparar a redacción definitiva.
- B2.9. Buscar palabras en dicionarios en papel ou dixitais, motores de busca da información...
- B2.10. Utilizar de forma guiada a biblioteca escolar e outras bibliotecas e as TIC como fonte de información.
- B2.11. Producir textos sinxelos propios da vida cotiá e das relacións sociais, en formato papel ou dixital.
- B2.12. Producir textos da vida académica en formato papel ou dixital.
- B2.13. Producir textos xornalísticos, a partir dun modelo, en formato papel ou dixital.
- B2.14. Producir textos narrativos, en formato papel ou dixital.
- B2.15 Usar, con progresiva autonomía, as TIC para planificar, revisar e mellorar o texto.
- B2.16. Presentar os textos escritos, tanto en formato papel coma en formato dixital, evitando calquera erro gramatical, ortográfico ou tipográfico.
- B2.17. Valorar a escrita como fonte de coñecemento académico e experiencial.
- B2.18. Valorar a actitude positiva ante a produción escrita en lingua galega.
- B2.19. Recoñecer a importancia individual e colectiva do dominio do texto escrito.
- B2.20. Avaliar o seu proceso de aprendizaxe cunha actitude activa e de mellora.
- B2.21. Valorar a lingua como o grande medio de comprensión e participación da/na historia colectiva e individual.

Bloque 3: Funcionamento da lingua

- B3.1. Coñecer as diferentes características da linguaxe oral e escrita.
- B3.2. Coñecer as diferenzas entre a linguaxe formal e informal.
- B3.3. Recoñecer, explicar e usar os elementos e funcións da comunicación en situacións formais e informais.
- B3.4. Construír textos escritos que se adecúen aos rexistros informal ou académico, segundo o requira a situación comunicativa da mensaxe.
- B3.5. Recoñecer o sistema vocálico e consonántico da lingua galega. Coñecemento e produción dos sons propios da nosa lingua.

B3.6. Recoñecer o parágrafo como unidade de sentido e da puntuación como mecanismo organizador do texto escrito.

B3.7. Recoñecer e aplicar as normas de ortografía.

B3.8. Recoñecer e aplicar as normas da separación en sílabas da palabra. Ditongo. Tritongo. Hiato

B3.9. Usar, con progresiva autonomía, os correctores ortográficos dos procesadores de texto.

B3.10. Recoñecer, explicar e usar con corrección as categorías gramaticais seguintes: substantivos, adxectivos, determinantes e pronome persoal tónico.

B3.11. Comprender e utilizar estratexias para inducir as regras de concordancia e as funcións sintácticas de suxeito e predicado.

B3.12. Coñecer e usar unha terminoloxía básica.

B3.13. Coñecer expresións e vocabulario de uso frecuente, referido a obxectos da contorna inmediata, situacións e actividades cotiás, necesidades básicas.

B3.14. Coñecer, construír e utilizar as modalidades asertiva, interrogativa, exclamativa, desiderativa, dubitativa e imperativa.

B3.15. Comprender e valorar as relacións de igualdade e de contrariedade que se establecen entre as palabras e o seu uso no discurso oral e escrito.

Bloque 4: Lingua e sociedade

B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.

B4.2. Valorar positivamente o plurilingüísmo como expresión de riqueza tanto para o propio individuo como para a humanidade.

B4.3. Coñecer as linguas de España.

B4.4. Coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que o integran.

B4.5. Coñecer e analizar a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo dos seus ámbitos familiares, escolares e do lugar onde viven.

B4.6. Adquirir vínculos positivos cara ao uso da lingua galega e asumir a importancia da contribución individual e colectiva no desenvolvemento do idioma.

Bloque 5: Educación literaria

B5.1. Ler de forma autónoma ou guiada obras de literatura adecuadas aos intereses do alumnado, expondo a súa opinión persoal e relacionando o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos, e asimila os trazos estéticos xerais que definen cada texto.

B5.2. Ler contos, relatos breves, mitos e lendas da nosa cultura, recoñecendo os elementos básicos do relato literario e a súa función.

B5.3. Ler dramatizando obras de teatro ou fragmentos, recoñecendo os aspectos formais do texto teatral.

B5.4. Ler e analizar outras linguaxes estéticas: o cómic...

B5.5. Diferenciar os grandes xéneros literarios e recoñecer as súas características a partir da lectura.

B5.6 Valorar a literatura oral como medio de transmisión cultural e como elemento da identidade cultural.

B5.7. Producir textos sinxelos de intención literaria.

B5.8. Coñecer e usar as estratexias e técnicas que axuden a analizar e interpretar o texto literario antes, durante e despois da lectura.

B5.9. Oír e recitar poemas. Valorar a estética poética.

B5.10. Utilizar, con progresiva independencia, todo tipo de bibliotecas, físicas ou dixitais.

B5.11. Coñecer e valorar a lectura como fonte de coñecemento do mundo e do individuo.

B5.12. Valorar a lectura como fonte de pracer.

Lingua estranxeira: inglés

Bloque 1: Comprensión oral

B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis axeitadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita coa axuda de elementos verbais e non verbais e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.

B1.2. Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais moi breves e sinxelos nun rexistro estándar e informal, con estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, articulados con claridade e a velocidade

lenta e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, sobre temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses en contextos cotiáns predicibles ou relativos a áreas de necesidade inmediata nos ámbitos persoal, público e educativo e sobre aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, sempre que as condicións acústicas sexan boas e non distorsionen a mensaxe, se poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación e se conte con apoio visual ou cunha clara referencia contextual.

B1.3. Incorporar á comprensión do texto os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos adquiridos sobre a vida cotiá (hábitos, horarios, actividades, celebracións), as condicións de vida (vivenda, contorna), as relacións interpersoais (familiares, de amizade, académicas), o comportamento (xestos habituais, uso da voz, contacto físico) e as convencións sociais (normas de cortesía, costumes e tradicións) dos países onde se fala a lingua estranxeira, identificando diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos devanditos países e da propia cultura.

B1.4. Distinguir a función ou funcións comunicativas principais do texto (p. e. unha demanda de información ou unha orde) e un repertorio limitado dos seus expoñentes máis comúns e habituais, así como dos patróns discursivos básicos (p. e. inicio e peche da conversa, ou os puntos dunha narración esquemática).

B1.5. Recoñecer os significados máis comúns asociados ás estruturas sintácticas básicas propias da comunicación oral (p. e. estrutura interrogativa para demandar información).

B1.6. Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral de alta frecuencia relativo a situacións cotiáns e temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses.

B1.7. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos de uso común, e recoñecer os significados e intencións comunicativas xerais relacionados cos mesmos.

Bloque 2: Expresión oral

B2.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis axeitadas para producir textos orais moi breves e sinxelos, empregando p. e., fórmulas e linguaxe “prefabricada” ou expresións memorizadas, ou apoiando con acenos o que se quere expresar.

B2.2. Producir textos monolóxicos moi breves e doados sobre temas cotiáns ou do seu interese e sobre aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira e participar de xeito simple e comprensible en conversacións moi breves que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi

familiares (un/ha mesmo/a, a contorna inmediata, persoas, lugares, obxectos e actividades, gustos e opinións), nun rexistro neutro ou informal, utilizando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa moi clara, sexan evidentes as pausas e vacilacións e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación do interlocutor para manter a comunicación.

B2.3. Incorporar á produción do texto oral monolóxico ou dialóxico os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos básicos adquiridos sobre a vida cotiá (hábitos, horarios, actividades, celebracións), as condicións de vida (vivenda, contorna), as relacións interpersoais (familiares, de amizade, académicas), o comportamento (xestos habituais, uso da voz, contacto físico) e as convencións sociais (normas de cortesía, costumes e tradicións) dos países onde se fala a lingua estranxeira, respectando as convencións comunicativas máis elementais e identificando diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos devanditos países e da propia cultura.

B2.4. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo (p. e. unha felicitación, un intercambio de información ou un ofrecemento), empregando un repertorio limitado dos seus expoñentes máis comúns e habituais, así como dos patróns discursivos básicos (p. e. inicio e peche da conversa, ou os puntos dunha narración esquemática).

B2.5. Mostrar control sobre estruturas sintácticas básicas (p. e., enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como “e”, “entón”, “mais” ou “porque”), aínda que se sigan cometendo erros básicos de xeito sistemático, p.e., nos tempos verbais ou na concordancia.

B2.6. Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico oral de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias e necesidades.

B2.7. Articular, de xeito comprensible pero con evidente influencia da primeira ou outras linguas, un repertorio moi limitado de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, adaptándoos á función comunicativa que se quere levar a cabo.

Bloque 3: Comprensión escrita

B3.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto e polo apoio visual, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñecen, etc.), para a comprensión do

sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.

B3.2. Identificar o tema, o sentido xeral, as ideas principais e información específica en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, moi breves e sinxelos, en lingua estándar e cun léxico de alta frecuencia, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, cotiáns ou de necesidade inmediata ou que versen sobre aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, a condición de que se poida reler o que non se entendeu, se poida consultar un dicionario e se conte con apoio visual e contextual.

B3.3. Incorporar á comprensión do texto os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos adquiridos sobre a vida cotiá (hábitos, horarios, actividades, celebracións), as condicións de vida (vivenda, contorna), as relacións interpersoais (familiares, de amizade, académicas) e as convencións sociais (normas de cortesía, costumes e tradicións) dos países onde se fala a lingua estranxeira, identificando diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos devanditos países e da propia cultura.

B3.4. Distinguir a función ou funcións comunicativas principais do texto (p. e. unha felicitación, unha demanda de información, ou un ofrecemento) e un repertorio limitado dos seus expoñentes máis comúns e habituais, así como dos patróns discursivos básicos (p. e. inicio e peche dunha carta, ou os puntos dunha descrición esquemática).

B3.5. Aplicar á comprensión do texto o coñecemento dos constituíntes e as estruturas sintácticas básicas propias da comunicación escrita, así como os seus significados asociados (p. e. estrutura interrogativa para demandar información).

B3.6. Recoñecer un repertorio limitado de léxico escrito de alta frecuencia relativo a situacións cotiáns e temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses.

B3.7. Recoñecer os signos ortográficos básicos (p.e., punto, coma), así como os símbolos de uso común (p.e., €, @, &, £), e identificar os significados e intencións comunicativas xerais relacionados cos mesmos.

Bloque 4: Expresión escrita

B4.1. Coñecer e aplicar as estratexias básicas adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple (por exemplo, copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais

proprios de cada tipo de texto, identificando as ideas pertinentes e necesarias, pondo unha idea principal en cada parágrafo, etc.).

B4.2. Elaborar, en papel ou en soporte electrónico, textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro ou informal, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata, de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles, ou para falar sobre aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira

B4.3. Incorporar á produción do texto escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos básicos dos países onde se fala a lingua estranxeira adquiridos (p.e., as convencións sobre o inicio e o peche dunha carta a persoas coñecidas), identificando diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos devanditos países e da propia cultura.

B4.4. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo (p. e., unha felicitación, un intercambio de información, ou un ofrecemento), empregando un repertorio limitado dos seus expoñentes máis comúns e habituais, así como dos patróns discursivos básicos (p.e., inicio e peche dunha carta, ou os puntos dunha descrición esquemática).

B4.5. Mostrar control sobre estruturas sintácticas básicas (p. e., enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como “e”, “entón”, “mais” ou “porque”), aínda que se sigan cometendo erros básicos de xeito sistemático, p.e., nos tempos verbais ou na concordancia.

B4.6. Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico escrito de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias e necesidades.

B4.7. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras ou frases curtas que se empregan regularmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.

Crterios de cualificación e promoción do alumnado

- Realizarase unha proba escrita en cada unha das dúas avaliacións. A segunda proba, realizada ao finalizar o cuadrimestre, incluírá contidos correspondentes ás dúas avaliacións e terá consideración de proba final para o alumnado que non superou a primeira. Os estudantes que superaran a primeira avaliación só terán que realizar, nesta proba final, a parte correspondente á segunda.

- As probas escritas constarán de tres partes: unha correspondente a Lingua castelá, unha correspondente a Lingua galega e unha terceira parte correspondente a Lingua estranxeira.
- En cada proba incluíranse cuestións, por valor de dous puntos, sobre as obras de lectura propostas.
- A superación de cada proba esixe obter unha cualificación igual ou superior a cinco puntos sobre dez.
- O alumnado que obteña unha cualificación mínima de catro puntos nalgunha das dúas avaliacións poderá compensar esa cualificación co resultado obtido na outra avaliación. Para superar a materia por medio desa compensación, a media aritmética das dúas avaliacións deberá ser igual ou superior a cinco puntos.
- A nota da avaliación final ordinaria será a media aritmética das cualificacións obtidas nas avaliacións parciais, expresada en números enteiros e redondeada á unidade máis próxima. No caso de equidistancia entre unidades, redondearase á superior.
- A proba correspondente á avaliación extraordinaria será de curso completo. Para superala, será necesario obter unha cualificación igual ou superior a cinco puntos sobre dez.
- No caso de que o/a profesor/a o estime conveniente, poderá ser descontado 1 punto sobre o valor total da proba por erros de redacción (falta de coherencia, cohesión e adecuación na organización dos contidos) e erros lingüísticos (ortográficos, gramaticais e léxicos).

Contidos avaliados	Porcentaxe de valoración sobre o total da nota da proba
Cuestións referidas ás lecturas obrigatorias.	20 % (10 % para as lecturas en lingua galega e 10 % para as lecturas en lingua castelá).
Contidos correspondentes a Lingua Galega e Literatura.	26,66 %
Contidos correspondentes a Lingua Castelá e Literatura.	26,66 %
Contidos correspondentes á Lingua Estranxeira (Inglés ou Francés).	26,66 %

Para o alumnado que estea exento de lingua galega, a valoración das partes da proba será a seguinte:	Porcentaxe de valoración sobre o total da nota da proba
--	---

Cuestións referidas ás lecturas obrigatorias de lingua castelá.	10 %
Contidos correspondentes a Lingua Castelá e Literatura.	45 %
Contidos correspondentes á Lingua Estranxeira (Inglés).	45 %

Lecturas obrigatorias

1ª avaliación	2ª avaliación
LINGUA CASTELÁ	LINGUA CASTELÁ
Opción 1. Quiroga, H. «El almohadón de plumas»	Opción 1. Poe, E. A. «La máscara de la muerte roja»
Opción 2. Lovecraft, H. P. «Dagón»	Opción 2. Tolstoi, L. «El poder de la infancia» «Demasiado caro»
LINGUA GALEGA	LINGUA CALEGA
Opción 1. Dieste, R. «O neno suicida» «Sobre da morte de Bieito»	Opción 1. Navaza, G. «Castelos na area»
Opción 2. Cunqueiro, A. «Olaf Gunnarson estivo en Belén» «Pontes de Meirado»	Opción 2. Casares, C. «A rapaza do circo» «A galiña azul»

As obras de lectura non serán obxecto dunha proba específica, senón que nos exames de cada avaliación incluíranse preguntas, por valor de dous puntos, sobre as obras propostas.

Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

A análise da práctica docente, reflexión indispensable para mellorar o desenvolvemento do proceso de ensino e aprendizaxe, realizarase a partir de diversos indicadores de logro.

Respecto da avaliación do proceso do ensino, teranse en conta os seguintes indicadores:

- A proposta didáctica fomenta a interacción entre o profesorado e o alumnado, tanto a través da plataforma virtual como por medio das titorías telemáticas.
- Trabállase de forma integrada o currículo lingüístico e hai unha estreita coordinación entre os diferentes departamentos de linguas.
- Fomentase tanto a competencia lingüística oral coma a competencia lingüística escrita, dentro das especiais características do ensino a distancia.
- Favorécese o desenvolvemento dun hábito lector crítico nos e nas discentes.
- As obras de lectura de cada avaliación están a disposición de todo o alumnado.

- A temporalización é flexible, permitindo ao alumnado conciliar a súa vida escolar coa laboral e/ou familiar.
- Os exames adecúanse aos tempos dispoñibles para a súa realización.
- As probas escritas son claras e de fácil comprensión, e non inducen a erro.
- Cada cuestión do exame ten adxudicada claramente a súa porcentaxe sobre o total.
- Tanto os contidos como os criterios de avaliación aplicados están a disposición do alumnado con anterioridade á realización das probas escritas.

Respecto da avaliación da práctica docente, teranse en conta os seguintes indicadores:

- Desenvólvense medidas ordinarias de apoio para aqueles alumnos con necesidades específicas de apoio educativo.
- Favorécese a autoavaliación do alumnado, proporcionándolle guías que lle permitan percibir obxectivamente o seu grado de consecución respecto dos obxectivos da materia.
- As probas escritas axústanse aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe avaliados asignados á materia.
- Os criterios de avaliación e promoción son coñecidos por todo o alumnado.
- Aténdense as indicacións dos informes psicopedagóxicos emitidos polo Departamento de Orientación.
- A adaptación da programación obedece ás características detectadas no grupo, sendo os recursos e medidas empregados adecuados ás necesidades detectadas.

Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

Debido ás especiais características deste centro, non se proporán actividades específicas, xa que as nosas materias non se consideran, en rigor, pendentes: os e as discentes teñen a obriga de matricularse unha vez máis nos módulos non superados.

Avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

Tendo en conta que estamos nun ensino a distancia no que non hai sesións presenciais e no que o alumnado se pode matricular en calquera momento ao longo do curso, non está prevista a realización dunha avaliación inicial.

Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade está implícita na heteroxeneidade intrínseca do conxunto do alumnado, polo que se disporá dun correo electrónico, un sistema de videoconferencias e unha liña telefónica que permiten ao equipo docente atender os e as estudantes que así o requiran de xeito individualizado, respostando así ás necesidades de apoio educativo que se presenten. Esta atención personalizada levarase a cabo nas horas de tutorías multimedia.

Concreción dos elementos transversais

Todo proceso educativo debe dirixirse, alén de á cognición e á intelectualidade, ao compoñente afectivo, interpersonal e social. Por iso consideramos que tanto os contidos transversais dos textos, como outros materiais didácticos empregados e compartidos na aula virtual, deben prestar atención a eidos relevantes dentro da vida humana como poden ser a dignidade dos seres humanos, a tolerancia, o voluntariado, o consumo responsable ou o respecto ao medio ambiente. Todo iso, sen esquecer que a literatura debe ir asociada á valoración positiva da diversidade cultural e ao respecto ás tradicións como patrimonio da Humanidade.

No caso concreto deste primeiro módulo do ámbito de comunicación, os materias presentados contribuirán ao desenvolvemento da comprensión lectora, da expresión oral e escrita, da comunicación audiovisual, do emprendemento e da educación cívica e constitucional.

A estas engadiranse outras actividades (por exemplo na unidade 1) que promoverán accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas. Outras actividades contribuirán ao desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, á prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e ao desenvolvemento de valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, ou ao afianzamento do espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico (por exemplo, nas unidades 3 e 4).

Actividades complementarias e extraescolares

Tendo en conta que estamos ante un ensino a distancia sen titorías presenciais non está prevista a realización de actividades complementarias ou extraescolares, alén da participación nos foros e nas actividades propostas na aula virtual da materia.

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

Tradicionalmente ténselle dado importancia á avaliación cualificadora. Porén, dentro do proceso de ensino-aprendizaxe planificado nesta programación contemplárase a avaliación formativa, mediante a cal preténdese controlar e mellorar todo o devandito proceso nas súas diferentes fases. A primeira corresponderíase coa comprobación da planificación contemplada, tendo en conta os elementos prescritivos presentes no currículo; a segunda co seguimento e a posible adaptación de certos aspectos en función da súa aplicación no día a día desenvolto na plataforma virtual. Unha vez rematada a aplicación da presente programación no vixente curso, avaliarase o funcionamento da súa posta en práctica e, tendo en conta os resultados tirados desta análise, recolleranse no documento da Memoria final de curso as propostas de mellora que se estimen pertinentes.

Incorporación das modificacións propostas na memoria do curso anterior

Seguindo o compromiso expresado máis arriba, non nos queda máis que dar conta das propostas de mellora implementadas con respecto ao curso anterior. A desaparición do foro de lectura da materia obedece á preocupación do alumnado, que vía esta ferramenta coma unha demanda esixente e que non era quen de cumprir adecuadamente, en troques da axuda que buscaba ser. Se a isto engadimos que as limitacións do calendario do curso deixaban un tempo moi xusto tanto para o desenvolvemento como para a avaliación e cualificación da materia, a mellor opción parece ser deixar os foros abertos sen cualificar, de xeito que ningún dos e das discentes se sinta obrigado a participar neles, favorecendo así unha intervención libre máis persoal e crítica á medida dos tempos académicos, laborais e persoais de cada estudante.

Normas para a realización dos exames de todas as materias correspondentes a este departamento

- O alumnado deberá presentarse á hora da convocatoria do exame cun documento de identificación oficial (DNI, permiso de conducción, pasaporte, permiso de residencia...). Non poderá levar na cabeza ningunha prenda que dificulte a súa identificación e deberá ter descubertos os pavillóns auriculares para que se poida comprobar que non utiliza ningún dispositivo auditivo non autorizado.
- Non estará permitido abandonar a aula antes de pasados vinte minutos desde o inicio da proba e non se permitirá realizala a quen se presente cun atraso superior a ese tempo.
- Unha vez finalizado o exame, o alumno deberá entregalo ao profesorado encargado da supervisión, aínda que estea en branco. No momento da entrega, deberá presentar o documento de identificación e asinar na folla de asistencia.
- Durante a realización da proba, non estará permitida a utilización de teléfonos móbiles, reloxos intelixentes ou calquera outro dispositivo electrónico, que deberán permanecer apagados. Os reloxos intelixentes non poderán ser empregados nin sequera en modo convencional. A presenza de calquera dispositivo electrónico non autorizado no posto de exame será obxecto de medida disciplinaria e suporá a inmediata expulsión do portador, a quen se lle adxudicará na proba unha cualificación de cero puntos.
- No caso de que o profesorado que supervisa a proba detecte que algún estudante utiliza ou intenta utilizar medios fraudulentos (*chuleta*, apuntamentos, comunicación con outro alumno, teléfono...), instarao a entregar o exame e abandonar a aula. O exame será cualificado con cero puntos. En ningún caso poderá repetirse unha proba na que se empregaron medios fraudulentos.

Departamento de Lingua Castelá e Literatura	
Membros do departamento	Materias impartidas
María Asunción Arufe Carredano (Xefado Departamento)	<ul style="list-style-type: none"> · Lingua Castelá e Literatura 1 ° de Bacharelato · Lingua Castelá e Literatura 2 ° de Bacharelato
Ana Alberte Lista	<ul style="list-style-type: none"> · Literatura universal 1 ° de Bacharelato · Educación Secundaria de Adultos. Ámbito de comunicación. Módulos I e III

NB: Esta programación está dentro da programación do: AMBITO DE COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA. que no caso de 3º ESA forma parte

